

ACTA IV

Acta do Tribunal encargado da creación de bolsa de agarda para o posto de Mestre/a da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RENOVA VII". Resolución do proceso.

No Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames, sito en Aldea Nova, sendo as 9:00 horas do día 6 de maio do 2025, reúnese o Tribunal encargado da creación de bolsa de agarda para o posto de Mestre/a da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RENOVA VII", comparecendo os seguintes membros:

Presidente: Pablo Bello Nieto, Concello de Ames.

Secretaria: Dolores Landeira Liñares, Concello de Brión.

Vogais:

Juan Carlos Carreja Iglesias, Concello de Ames.

Ana Sánchez Fontán, Concello de Brión.

María Lloves Castro, Concello de Ames.

Obxecto da sesión:

Constitúe o obxecto da presente sesión a proposta de resolución do proceso de creación de bolsa de agarda para o posto de mestre/a da especialidade ENAE0108.

Resolución do proceso:

Segundo se reflicte na acta 3 do presente proceso, publicada o pasado 10 de abril, á vista das acreditacións documentais aportadas en prazo polos candidatos presentados, este Tribunal non pode determinar con certeza a adecuación dos candidatos presentados aos requirimentos esixidos no Certificado de Profesionalidade "Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas (ENAE0108)"

Ante esta situación, e unha vez solicitadas instrucións sobre a validación dos candidatos remitidos á Sección de Obradoiros de Emprego (Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego, Departamento Territorial da Coruña, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), este tribunal NON pode determinar para ningún dos candidatos presentados o cumprimento das prescricións establecidas (Acreditación docente e/ou Experiencia profesional requirida) no certificado de profesionalidade "ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS" (RD 1381/2008, de 1 de agosto, modificado por el RD 617/2013, de 2 de agosto) que se imparte no OBRADOIRO DE EMPREGO "RENOVA VII".

Polo antedito, ao non poderse garantir a validación dos candidatos presentados ao proceso, este Tribunal non pode proceder a elaboración da bolsa de agarda de "Mestre/a da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RENOVA VII" ao non existiren candidatos que cumpran as prescricións establecidas no certificado de profesionalidade referido, propoñendo que este proceso quede deserto.

Cumprido o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto, sendo as 9:45 horas do día de referencia, do que se estende a presente acta que asinan os señores asistentes.